

## IDEAS CLAVE

### DOC. 1

Señor!

Nós, traballadores de San Petersburgo, as nosas mulleres, os nosos fillos e os nosos pais, vellos sen recursos, vimos, ¡oh Zar! Para solicitar a túa xustiza e protección. (...)

Vale máis a morte que a prolongación dos nosos intolerables sufrimentos, por iso abandonamos o traballo e non volveremos a el ata que non se acepten as nosas xustas demandas (...)

A demanda de oito horas de xornada foi tachada de ilegal, así como a fixación de salarios de común acordo (...). Todas esas reivindicacións foron rexeitadas por ilegais. O feito de formulalas foi interpretado como un crime. O desexo de mellorar a nosa situación é considerado polos nosos patróns como unha insolencia. (...)

Para nós está prohibido falar, pensar, reunirmos para discutir as nosas necesidades e tomar medidas para que mellore a nosa situación. Calquera de nós que se manifeste en favor da clase obreira poder ser enviado á prisión ou ao exilio (...)

Rusia é moi vasta e as súas necesidades demasiado múltiples para que poida ser dirixida por un goberno composto unicamente por burócratas. É absolutamente necesario que o pobo participe nel (...). Permite para iso que se proceda á elección dunha Asemblea Constituínte baixo o réxime do sufraxio universal (...).

Demandas dos obreiros ao tsar (Domingo sanguento, 10 xaneiro 1905)

### DOC. 2

O 15 de outubro [1917] entrevisteime co gran capitalista Stepan G. **Lianosov**, o “Rockefeller” ruso, *kadete* polas súas opinións políticas. Díxome o seguinte:

“A revolución é unha enfermidade. Antes ou despois terán que intervir as potencias estranxeiras, como se intervén a un neno enfermo para curalo ou axudarlle a camiñar. Evidentemente, non será este o mellor remedio se cadra, pero hai que comprender que as nacións non poden permanecer indiferentes diante do perigo bolxevique e a propagación de ideas tan contaxiosas como a da “ditadura do proletariado” ou a da “revolución mundial”. Hai unha soa posibilidade de que esta intervención non sexa inevitable. Nos transportes reina a desorganización, pechan as fábricas e os alemáns avanza: quizais a fame e a derrota devolvan a razón ao pobo ruso... (...)

En canto aos bolxeviques, non hai máis que dúas formas de saír adiante: evacuar Petrogrado e declarar o estado de sitio, para que o mando militar poida liberarnos destes señores, sen necesidade de preocuparse pola legalidade... ou ben, segunda alternativa, dispersar pola forza armada a Asemblea Constituínte se manifesta as menores tendencias utópicas.

**J. REED:** *Dez días que estremeceron ao mundo* (1919)

### DOC. 3

1.- Na nosa actitude ante a guerra, que por parte de Rusia segue a ser indiscutiblemente unha guerra imperialista, de rapiña, tamén baixo o novo goberno de Lvov e Cía., en virtude do carácter capitalista deste Goberno é intolerable a máis pequena concesión ao “defensismo revolucionario.”

2.- A peculiaridade do momento actual en Rusia consiste no paso da primeira etapa da revolución, que deu o poder á burguesía por carecer o proletariado do grao necesario de conciencia e organización, á súa segunda etapa, que debe poñer o poder en mans do proletariado e das capas pobres do campesiñado.

3.- Ningún apoio ao goberno provisional; explicar a completa falsidade das súas promesas (...).

4.- Recoñecer que, na maior parte dos soviets de deputados obreiros, o noso partido está en minoría (...) fronte ao bloque de todos os elementos pequenoburgueses e oportunistas (...).

5.- Non unha república parlamentaria (volver a ela desde os soviets de deputados obreiros sería dar un paso atrás), senón unha república dos soviets de obreiros, braceiros e campesiños, de abaixo a arriba.

**LENIN:** Teses de abril (1917)

---

### DOC 4

Avanzamos demasiado na nacionalización do comercio e da industria, no bloqueo dos intercambios locais. Era un erro? Certo. Podemos admitir en certa medida o libre intercambio local, sen destruír o poder político do proletariado, senón consolidándoo (...). O campesiñado pode e debe traballar no seu propio interese, posto que xa non se lle pedirán todos os seus excedentes, senón soamente unha taxa que é necesario fixar axiña de antemán. O fundamental é que o pequeno campesiño se atope estimulado, impulsado.

**LENIN:** Discurso no X Congreso do Partido Comunista (1921)

---

### DOC 5

A tarefa esencial do plano quinquenal consistía en crear no noso país unha industria capaz de reequipar e reorganizar, sobre a base do socialismo, non soamente a industria no seu conxunto, senón tamén os transportes e a agricultura.

A tarefa esencial do plano quinquenal consistía en facer pasar a pequena economía rural parcelada á vía da grande economía colectivizada, asegurar deste xeito tamén a base económica do socialismo no campo e liquidar a posibilidade de restauración do capitalismo na URSS.

Finalmente, a tarefa do plano quinquenal consistía en crear no país todas as condicións técnicas e económicas necesarias para aumentar ao máximo a capacidade de defensa do país, para permitirlle organizar unha resposta vigorosa a

|  |                                                                                                                               |
|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | todas as tentativas de intervención armada, a todos os intentos de agresión armada do exterior, ou de onde sexa que proveñan. |
|--|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**STALIN:** Informe sobre o Plano Quinquenal (1933).

❖ TRABALLAMOS COS DOCUMENTOS:

- 1.- Le os textos e subliña os aspectos máis relevantes.
- 2.- Usa a columna da esquerda para anotar as ideas clave: IDEA PRINCIPAL e IDEAS SECUNDARIAS.
- 3.- Con que elementos dos traballados na aula se relaciona cada texto?
- 4.- Anota o contexto histórico no que se encadra cada un dos documentos.